

ESCOITAR O MUNDO

REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xoves 17 novembro 2022

Auditorio de Galicia, 19:30 h

B.S.O.

CINEUROPA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Timothy Brock, director



PROGRAMA

FOOLISH WIVES (1922)


Dirección	Erich von Stroheim
Fotografía	Ben Reynolds, William H. Daniels
Montaxe:	Arthur Ripley
Dirección de arte:	Richard Day, Elmer Sheely
Reparto	Erich von Stroheim (Conde Wladislaw Sergius Karamzin) Rudolph Christians (Andrew Hughes, diplomático americano) Miss Dupont (Helen Hughes, esposa do diplomático) Maude George (Princesa Olga Petchnikoff) Mae Busch (Princesa Vera Petchnikoff) Dale Fuller (Maruschka, a criada) Al Edmundsen (Pavel Pavlich, o maiordomo) Cesare Gravina (Cesare Ventucci, o falsificador) Malvine Polo (Marietta, a filla do falsificador)
Música Orixinal	Timothy Brock, 2020
País	United States
Ano	1922
Duración	147 min
Copia	SFSFF Collection
Restauración	Museum of Modern Art –MoMA– e San Francisco Silent Film Festival (2022)
Produción	Universal Film Manufacturing Co.
Formato	35mm

Na decadente Europa da posguerra, un grupo de artistas fanse pasar polo Conde Karamzin e as súas dúas curmáns, as princesas Olga e Vera. Esta farsa permítelles vivir rodeados de luxo en Montecarlo, a expensas de aristócratas e persoas adañeiradas nos casinos da cidade. O falso conde intenta seducir a unha dama de de clase alta casada cun destacado diplomático americano, Helen Hughes, quen enfasiada da súa frívola vida, caerá rendida ante el. Tanto a aventura entre Karamzin e Helen como os turbios negocios das supostas princesas serán descubertos, precipitando un fatal desenlace.

*Estrea en Europa da restauración desta película e da música

Duración aproximada do concerto: 142 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, desde 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Victoria Jurov
Anna Alexandrova
Yulia
Petrushevskaya
Michal Ryczel
Ilya Fisher
Claudio Guridi
Ildiko Oltai

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Gyula Vadaszi
Helena Sengelow
Samira Ajkic
Kiyoko Ohashi
Irina Gruia
Enrique Roca

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Oxana Bakulina
Iriana Fernández
Anne
Schlossmacher
Ionela Ciobotaru

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska
Carlos García
Thomas Piel
Millán Abeledo
Alexandre Díaz (R)

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador del Pozo

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *

ÓBOES

Esther Viúdez *

CLARINETES

Vicente López *
Saúl Canosa (R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero *

PIANO

Haruna Takebe (R)

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

TIMOTHY BROCK DIRECTOR

Timothy Brock é un activo director e compositor especializado en obras de concerto de principios do século XX e representacións en vivo de cine mudo. Como autoridade nas prácticas de interpretación orquestral dos anos vinte e trinta, ten sido reclamado para dirixir algunhas das mellores orquestras do mundo, tanto en repertorio de concerto como en música cinematográfica de época.

Considerado un dos máis importantes expertos en música de cine mudo, as súas contribucións máis salientables neste campo son as súas restauracións e as edicións publicadas da única partitura de cine mudo de Dmitri Shostakóvich, *A nova Babilonia* (1929); a épica italiana de Manilo Mazza, *Cabiria* (1913); a partitura dadaísta de Eric Satie, *Entreacto* (1924); e a famosa partitura de George Antheil para o *Ballet mecánico* (1924). Outras restauracións de partituras cinematográficas inclúen *Opus I* (1920) de Max Butting, *O asasinato do duque de Guisa* de Camille Saint-Saëns (1908) e *Sinfonía do lume* (1914) de Ildebrando Pizzetti.

O seu traballo sobre as partituras de Charles Chaplin comezou en 1998 cando lle encomendan a restauración da ilustre partitura de *Tempos modernos* e desde entón restaurou 12 longametraxes mudas de Chaplin e partituras curtas ata que rematou o traballo en 2012. Estas partituras inclúen *Luces da cidade* (1931), *A febre do ouro* (1924) e *O circo*

(1928). En 2004 Brock tamén transcribiu minuciosamente unhas 13 horas de composicións inéditas dunha gravación de acetato descuberta daquela de Chaplin compoñendo no piano. Isto deu lugar á creación dunha nova partitura para o drama *Unha muller de París* (1923), un traballo que Brock dirixiu en concerto varias veces, incluído no *Cinema Ritrovato* de Boloña en 2005 e no KinoBabylon de Berlín en 2011, así como unha gravación realizada coa Orquestra Città Aperta en Roma e Londres, coa que tamén dirixiu unha gravación completa de *A febre do ouro* en 2012. Timothy Brock tamén foi unha figura pioneira na área do que popularmente se coñeceu como Música Dexenerada, música de compositores prohibida polo Terceiro Reich, pola que recibiu algúns dos seus maiores recoñecementos. Entre 1989 e o 2000 ofreceu as estreas norteamericanas da *Sinfonía núm. 2* de Erwin Schulhoff, *Pequena Sinfonía*, *Niemandslied e Kuhle Wampe* de Hanns Eisler, así como unha das primeiras representacións da conmovedora ópera de Viktor Ullmann *O emperador da Atlántida*, escrita desde o gueto de Terezin en 1944. As obras de Erwin Schulhoff (1894-1942), Franz Schreker (1878-1934), Alexander von Zemlinsky (1871-1942), Hans Krása (1899-1944), Gideon Klein (1919-1944) e Pavel Haas (1899-1944) destacaron nesta serie.

Como compositor escribiu aproximadamente sesenta obras para concerto e cine mudo. As súas obras de concerto inclúen tres sinfonías, tres

concertos, unha cantata, dúas óperas e varias pezas orquestrais individuais. En 1995 recibiu unha bolsa para compositores da Comisión de Artes do Estado de Washington, durante a cal compuxo a súa primeira ópera, *Billy* (1995, libreto de Bryan Willis), o *Divertimento: cinco imaxes postais para orquestra* e a súa segunda ópera, *Mudhoney* (1998, adaptación do guiño orixinal de Friday Locke do compositor e Bryan Willis). En 1999 recibiu o encargo de compoñer un ciclo de cancións orquestrais para a coñecida soprano Cyndia Sieden, quen ofreceu a estrea de *O funeral de Youth* de Brock, catro escenas orquestrais de catro poemas do poeta inglés Rupert Brook. Así mesmo, compuxo un novo concerto para violín para Stephen Bryant (Orquestra Sinfónica da BBC).

Escribiu 27 partituras orixinais para cine mudo ao longo de case 30 anos. Destacan *Prix de beauté* (Orquestra Nacional de Lyon), *O heroe do río* (Orquestra Sinfónica de Berna), *Amencer* (20th Century Fox), *O camarógrafo* (Orquestra de Cámara de Los Ángeles), *Parodia de Carmen* (Teatro de la Zarzuela, Madrid) e *O gabinete do doutor Caligari* (Filharmónica de Bruxelas) e *Foolish Wives* (San Francisco Silent Film Festival).

A longa relación de Brock coa institución mundial de preservación do cine, a Filмотeca de Boloña, deu lugar a sete partituras, incluíndo *Nosferatu* (1922), *O abanico de Lady Windermere* (1925),

O defunto Matías Pascal (1926) e *Tres homes malos* (1926). En 2017 Brock dirixiu a estrea mundial da súa tan esperada nova partitura para a épica de ciencia ficción de Fritz Lang *A muller na Lúa* (1929), encargada polo Konzerthaus de Viena e estreada coa Orquestra Sinfónica da Radio de Viena. Entre os seus compromisos de dirección, destacan aparicións regulares coa Filharmónica de Nova York, Sinfónica da BBC, Sinfónica de Chicago, Orquestra Nacional de Lyon, Sinfónica Escocesa da BBC, Filharmónica da NDR, Academia de Santa Cecilia, Orquestra Sinfónica Nacional da RAI e Sinfónica da Radio de Viena.

Brock está a traballar actualmente nas partituras de varias películas de Buster Keaton e a súa magnífica partitura para a obra mestra de Fritz Lang *Frau im Mond* estreouse na Konzerthaus de Viena e en moitas outras salas de concertos importantes de Europa.

En xullo de 2018 dirixiu con grande éxito unha nova produción de *West Side Story* no Teatro Comunale de Boloña e en novembro de 2019 unha nova produción de *Lady Be Good* de Gershwin no Teatro San Carlo de Nápoles, mentres que esta temporada 2022-23 dirixirá o musical *My Fair Lady* no Teatro Rexio de Turín. En 2021 e durante este ano é convidado das principais orquestras de Europa con proxeccións de obras mestras do cinema mudo.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23


Erich Stroheim (1885-1957) era un xudeu, fillo dun sombreireiro vienés, convencido de que debía aproveitar o seu aspecto físico e finxir ser un conquistador e un xenio. En 1909, chegou aos Estados Unidos e, en 1914, a Hollywood, onde traballou como especialista, figurante e asistente de dirección de D. W. Griffith e John Emerson aos que asombrou pola súa disciplina e aparentes coñecementos dos ambientes europeos e, sobre todo, dos usos e vestiarios militares a pesares de non ter ningunha experiencia nese ámbito (Stroheim gozou tanto coa súa falsa imaxe que nunha das súas aparicións neste filme, viste túnica branca con cinto cruzado e medallas, botas, calzóns e gorra militar). Pero eran tempos de guerra en Europa e así acadou unha inmensa popularidade encarnando a detestables oficiais prusianos e nos estudos, acompañaron a súa foto co slogan “O home ao que che encanta odiar”. Mais quería dirixir e abordou ao presidente de Universal, Carl Laemmle quen lle concedeu un contrato de 130 dólares á semana grazas ao argumento da película que tiña pensado e o seu increíble carisma para contar historias. Porfiado en facer cine de autor, desafiou o modelo que encomiara aos grandes estudos baseado no entretemento lixeiro e rendible. Os seus filmes, truculentos e naturalistas, entraban na intimidade dos protagonistas revelando o seu lado máis mesquiño. O crítico André Bazin

escribiu “Ten unha soa regra para dirixir. Mira preto o mundo e segue facéndoo ata que expresa toda a súa crueldade e fealdade”. Stroheim, máis que narrar, amosaba, dilataba cada secuencia ata a extenuación do espectador obsesionado co detalle máis sutil. De aí a súa dificultade para descartar e as súas longuísimas metraxes, que os estudos mutilaban sen criterio. Así e todo, logrou sellos éxitos co seu primeiro filme *Blind Husbands* (Corazón esquecido, 1919) e *The Desvil's Passkey* (A ganzúa do díaño, 1920), facendo que a produtora obviase a súa fixación polo desagradable, as inabarcables montaxes ou os antollos repentinos que multiplicaban os gastos por dez.

En 1922, Erich von Stroheim capitaneou *Foolish Wives* (Esposas frívolas), como escritor, director e protagonista. Universal concedéralle un orzamento de 250.000 dólares que considerou unha provocación, pois *Blind Husbands* xa costara esa cantidade e resultara un éxito e por iso, cando afrontou esta rodaxe, comezou a comprometer gastos por máis dun millón de dólares. A película estaba ambientada en Montecarlo e pediulle a Universal construír unha gran e luxosa réplica con palacios e prazas na costa californiana no que foi o debut do director de arte Richard Day, quen acabaría gañando sete Oscars. A primeira idea de Stroheim era unha versión de

6 horas para proxectar en varias noites consecutivas pois consideraba que artisticamente debía desafiar á razón e ao escaso músculo orzamentario. Mais, no ámbito económico, chocou co produtor Irving Thalberg quen, con vinte anos, fora contratado por Laemmle para ordenar as finanzas en Universal e responsabilizouse de advertir a Stroheim sobre desbaldir en grandes escenas que pouco tiñan que ver co melodrama. Malia a tensión xerada, *Foolish Wives* resultou ser outro éxito manténdose once meses en cartel e o director, contratado pola produtora Goldwyn Pictures para grabar *Greed* (Avaricia), unha película sobre a novela de Frank Norris, McTeague: *A History of San Francisco*. Mentres tanto, Universal reducía *Foolish Wives* a 117 minutos, aínda que a versión que hoxe se proxecta de 147 minutos foi restaurada recentemente, con pasaxes de cor tinguidas a man. Con todo, a ostentación orzamentaria do filme (Universal promocionouna como a primeira película dun millón de dólares) e a recreación dun Montecarlo non moi mediterráneo, en realidade, pode distraer da incisiva intimidade nas escenas psicolóxicas, da complicidade cos personaxes á que pretende someter ao público, do labirinto moral polo que navegar.

O propio Timothy Brock escribiu sobre a súa creación: “Quería escribir unha partitura que encarnara dúas características distintas, o imperialismo ruso do século XIX e o americanismo da era moderna. Para isto último, sentínme máis inspirado pola harmonía cuartal de principios do século XX, tan maxistralmente explorada polos sinfonistas estadounidenses dos anos vinte. En canto ao Conde Karamzin e a súa banda de “aristocracia” rusa, foi unha gran oportunidade para adaptar varias pezas de piano sorprendentes e pouco coñecidas de Sergei Lyapunov (1859-1924), cuxa obra adoro. Entrelazar estes dous mundos tan dispares, polo menos no papel, non me pareceu en absoluto excesivo e probablemente grazas a Stroheim, todo combinou á perfección. Creo que ambos elementos, xa anticuados, dan o ton adecuado e aportan tamén certa autenticidade á partitura composta para piccolo, frauta, óboe, corno inglés, clarinete, clarinete-baixo, fagot, pianoforte e cordas. Foi encargada polo Festival de Cine Mudo de San Francisco en 2022 ao cal está dedicada”.



PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 24 novembro 2022

Auditorio de Galicia, 20:30 h

INSPIRACIÓN

Ciclo de piano **Ángel Brage**

REAL FILHARMONIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Tom Borrow, piano

- Serguei Rachmaninov: Concerto para piano núm. 3 en Re menor, op. 30
- Sofia Gubaidulina: Fairytale Poem (Poema de conto de fadas)
- Dmitri Shostakovich: Sinfonía nº 9 en Mi Bemol Maior, op. 70

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Paul Daniel

Xoves 1 decembro 2022

Auditorio de Galicia, 20:30 h

DIVERTIMENTO

REAL FILHARMONIA DE GALICIA

Rubén Gimeno, director

Birgit Kokar, violín

- Béla Bartók: Divertimento para cordas, BB 118
- Ludwig van Beethoven: Concerto para violín en Re maior, op. 61

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Rubén Gimeno



C
Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA